

18. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

IES MUGARDOS	IES de Mugardos. Departamento de XEOGRAFÍA E HISTORIA		3.º ESO 2016 - 2017
	MATERIA	XEOGRAFÍA E HISTORIA	
	PROFESOR/A	MANUEL LÓPEZ PAZOS	

CONTIDOS

1.ª AVALIACIÓN

O escenario físico das actividades humanas. Os elementos e as grandes unidades do relevo terrestre.

A organización política das sociedades. O Estado e os seus principais elementos, as relacións entre os Estados do mundo.

A organización económica das sociedades. Funcionamento da actividade económica, os factores de produción, a economía de mercado.

A agricultura, a gandaría, a pesca e a silvicultura. Sector primario, as actividades agrarias e as paisaxes agrarias, a agricultura de subsistencia e de mercado, a gandaría no mundo, os diferentes tipos de pesca e os caladoiros, así como a explotación forestal.

2.ª AVALIACIÓN

A minaría, a enerxía e a construción. As materias primas, as fontes de enerxía tradicionais e os recursos enerxéticos do mundo.

A industria. En que consiste a actividade industrial, cales son os elementos do proceso industrial e que características reúnen os diferentes tipos de industria.

Os servizos, a comunicación e a innovación. Que entendemos por actividades terciarias.

Os transportes e o turismo. Diferentes sistemas de transporte, as súas vantaxes e os seus inconvenientes.

As actividades comerciais e os fluxos de intercambio. As actividades comerciais, definindo o que é o comercio, cales son os elementos do comercio e as características básicas do comercio actual.

3.ª AVALIACIÓN

O nacemento do mundo moderno A expansión económica dos séculos XV e XVI estivo acompañada do xurdimento dunha nova forma de comprender o mundo: o Humanismo

O Renacemento, unha nova concepción da arte. A influencia da arte clásico grecorromano sobre a concepción renacentista da arte e como o Renacemento supuxo unha ruptura con respecto á forma de concibir a arte na Idade Media.

A época dos grandes descubrimentos xeográficos. Organización dos reinos hispánicos baixo os Reis Católicos e algúns aspectos básicos da sociedade deste período.

O auxe da monarquía hispánica. A comezos do século XVI, o neto dos Reis Católicos, Carlos I, ocupou o trono da dinastía chamada Habsburgo ou Austria, e que durante o seu reinado e o do seu fillo, Filipe II, se produciu unha grande expansión territorial.

A decadencia do Imperio dos Austrias A dinastía dos Austria entrou nun período de decadencia cos monarcas do século XVII: Filipe III, Filipe IV e Carlos II.

A Europa do século XVII. Análise polo miúdo sobre os motivos polos que se considera que o século XVII foi un período de crise na Europa do século XVII.

A ciencia e a arte do Barroco. Análise da ciencia moderna e a súa aparición no século XVII

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Actitude	10 %		
Conceptos e procedementos	%	Probas escritas	70 %
		Traballos/Proxectos	20 %
		Lecturas	NON HAI

Actitude, falamos de un comportamento axeitado e non disruptivo, un respecto polo grupo e o profesor, tendo en conta ao mesmo tempo as faltas de asistencia e as de puntualidade non xustificadas. **Conceptos e procedementos**, referimos a actividades na aula, con exames (dous por avaliación coma mínimo) e traballos que irán realizando ao longo do curso.

Todo o dito anteriormente queda suxeito a práctica docente co cal pode haber algún cambio no devenir das avaliacións.

Nas probas escritas descontaranse 0,05 por faltas leves (ex: tiles) e 0,1 por faltas máis graves.

No caso de detectar que se copia nos exames retirarase o exame inmediatamente e daráselle a oportunidade ao alumno/a de demostrar oralmente os seus coñecementos. No caso de negarse ou de non ser capaz de responder correctamente, poráselle un cero.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: Si/Non Lerase documentos, e fragmentos do libro de texto.

TIC Potenciar a creación de vídeos por parte dos alumnos. Potenciar a análise de fontes de información na Rede. Empregar programas e páxinas multimedia na aula. Ensañar metodoloxías de ensino a través de blogs e redes sociais. Recomendar páxinas web.

-Asesorar nunha correcta utilización da Rede como fonte de información. Asesorar nun correcto uso de programas como Power Point ou similares. -Aproveitar a Rede para realizar actividades a distancia con outros centros/institucións. Axilizar o contacto e o feedback colgando na Rede material realizado polos alumnos, exames, comentarios, etc.

PROXECTOS/ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS/PROGRAMAS...

Íranse introducindo ao longo do curso.